



Acondicionamento de zonas comúns e creación de novos postos da Praza de Abastos de Lalín.

Este proxecto nace da necesidade de reformar e unificar de alguna maneira as zonas común xa existentes e da creación de novos postos na Praza de Abastos.

Por un lado vanse acondicionar as zonas comúns da Praza de Abastos co fin actualizar e unificar o espacio. Intervirase para elo a zona de acceso a mesma dende o campo da feira, a cuberta pola parte interior, o chan e os paramentos en todo o seu perímetro interior (coincidindo nalgún caso cas propias fachasdas dos postos xa existentes) e colocarse cartelería nova.

Por outro lado vanse crear na parte central seis novos postos, en principio destinados a froitería pero tamén aberto a outro tipo de actividades. Dotados de luz e auga corrente e con previsión de instalación de cámaras frigoríficas para a conservación do produto.

Tamén se creará un panel informativo móvil dotado de rodas, para concentrar nel toda a cartelería informativa e promocional da Praza.

Colocaranse elementos decorativos colgantes intercalados cas luminarias xa existentes a diferentes alturas para aportar dinamismo e acortar un pouco a sensación visual de altura.



ANTES



DESPUÉS

ANTES



DESPUÉS



Acceso dende o Campo da Feira e Rúa Molinera

Este acceso funciona como vestíbulo e carta de presentación da Praza, polo que se considera necesario un tratamento especial.

A idea é simplemente a través da cor e os materiais empregados crear a sensación un espazo novo, luminoso e acolledor. Empregarase a cor branca e madeira OSB. A cor branca empregarase en parte dos paramentos mais próximos á cuberta columnas e nos azulexos xa existentes (actualmente en cor verde) que se van a pintar mediante un tratamento específico. Os panos entre columnas revestiranse con madeira OSB, material que tamén se vai empregar no interior da Praza para aportar calidez e modernidade.

Tamén se vai pintar en branco a reixa de acceso o supermercado que actualmente está pintada de verde co mesmo fin de unificar.

Así con esta pequena intervención conseguiremos destacar aínda mais as partes de pedra (tales como as fachadas e o chan) e a cuberta, ofrecendo unha imaxe moito mais humanizada da praza como se pode apreciar na imaxe axunta.

A cuberta

A intervención da cuberta vai ser pola parte interior do edificio, pintando de gris RAL 7043 as cerchas xa existentes e de branco os teitos, conseguindo así un aspecto moito mais actual e efectista co contraste destas dúas cores.

Aproveitase as luminarias xa existentes xa que encaixan perfectamente coa idea de deseño que imos a realizar.

Son iluminarias negras de tipo industrial, que simplemente se van a colocar a diferentes alturas, acompañandoas de maceteiros colgantes de yute con prantas artificiais e xaulas de madeira para aportar dinamismo e cor a esta zona, tratando ó mesmo tempo de acortar un pouco a sensación de altura para ofrecer recollemento.



O chan

Para o chan vaise aplicar un mortero de cemento autonivelante en cor gris debido o mal estado que presenta. Preténdese ademáis eliminar por completo a cor verde actual.

Os paramentos interiores

Todo o perímetro interior da Praza vaise pintar en cor gris RAL 7043 na súa parte inferior, coincidindo cas fachadas dos postos xa existentes.

A parte superior cubrirase con madeira OSB en todo o seu perímetro para ofrecer unha sensación envolvente e acolledora.


As regletas de plástico pintaranse tamén na mesma cor, gris RAL 7043.

Para unificar ainda mais os postos vanse facer novos carteis. Serán de madeira de abeto, pintados en cor branco e rotulados a man mediante mascara de vinilo, empregando a mesma tipografía DUTCH 801 XBd BT para todos e en cor gris escuro. Os carteis levan borde perimetral e son de diferentes tamaños adaptados a cada posto.

Tamén se vai aproveitar para facer outro pequeno pero importante cambio que é a rotulación con vinilo de todas as neveiras dos postos existentes en branco e negro, tamén para unificar.

Asimismo vanse a pintar de branco as rexas de ferro de algún dos postos e substituír outras de PVC por unhas novas de aluminio tamén en branco coa mesma fin.

Toda a perfilería de aluminio gris dos postos actuais vaise a chapear con aluminio branco.



Postos de nova creación

Na parte central da Praza vanse a organizar seis postos novos, que en principio están destinados a froiterías pero abertos a outro tipo de usos.

Levarán unha estrutura de fábrica de ladrillo na súa parte inferior revestida de azulexo branco vintage. Na parte superior unha pérgola de madeira de abeto. O tabique de separación central tamén se vai a realizar en fábrica de ladrillo e revestido de azulexo branco vintage. Quedando así os postos revestidos na súa totalidade con este material.

Para poder cerrar os postos colocaranse enrollables a cadea de cor negra totalmente opacos, anclados directamente a pérgola.

Colocaránselle carteis de madeira de abeto natural rotulados a man en cor branca mediante mascara de vinilo coa tipografía SEOGOE SCRIPT e colgados con cadeas a pérgola.

Cada posto dotarase de luz a través dunha lámpara colgada da pérgola na parte central.



Tamén se colocará en cada posto un fregadeiro integrado na propia encimeira.

As encimeiras dos mostradores son de madeira de abeto tratada, tendo unha superficie próxima o fregadeiro recuberta de inox, para a posible manipulación de alimentos.

A parte interior dos mostradores queda totalmente libre para almacenaxe.

Queda unha zona prevista para a colocación de unha cámara frigorífica para a coservación do produto. Esta zona situase xusto debaixo das estanterías.


As estanterías son igualmente de madeira de abeto natural e irán situadas de lado a lado en cada posto na parede posterior. Trátase de dúas estanterías inclinadas para a boa visualización do produto.



O panel informativo

Para o panel informativo empregarase novamente a madeira OSB.

Trátase de facer un panel móbil, polo que partiremos dunha base de madeira OSB de 0.50 mts x 3.60 mts con catro rodas, na que se insertará o panel tamén de madeira OSB de 3 mts de ancho x 1.80 mts de alto.



Acondicionamento de zonas comúns e creación de novos postos da Praza de Abastos de Lalín

- Acceso dende o Campo da Feira e Rúa Molinera
- A cuberta
- O chan
- Os paramentos interiores
- Postos de nova creación
- O panel informativo